

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ENVASADO DE AUGA MINERAL NATURAL (AGAMIN) PARA A DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN E O FOMENTO DA DOAZÓN DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) e a Asociación Galega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural (AGAMIN) formalizaron o día 31.10.2024 o instrumento convencional arriba referido, o cal estenderá a súa vixencia ata o 31.10.2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre ADOS e AGAMIN para a difusión de información e o fomento da doazón de sangue, órganos e tecidos entre a poboación de Galicia, co fin de contribuír a garantir a cobertura das necesidades hemoterápicas aos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia e a doazón de órganos e tecidos.

A tal efecto, AGAMIN pon a disposición da ADOS a posibilidade de difundir a través dos seus asociados e das canles de comunicación de que dispón a información sobre as actividades da ADOS relacionadas co obxecto do convenio. Ademais entregará a ADOS folletos explicativos dos beneficios da hidratación con auga mineral para que estean a disposición as persoas doadoras, e porá a disposición da ADOS para as campañas de doazón de sangue, botellas de auga mineral obtida de mananciais galegos, das marcas dos seus asociados.

ADOS, como axencia pública autonómica, ten como fin actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a doazón voluntaria de sangue, o procesamento, fraccionamento, almacenamento e o abastecemento de compoñentes sanguíneos e hemoderivados, a coordinación de transplantes de órganos e a obtención, procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e tecidos, aplicando os criterios de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación, e seguridade marcados tanto pola lexislación vixente como polas guías científicas, e asegurando que se cumpren todos os aspectos éticos inherentes á doazón e ao uso de substancias de orixe humana procedentes dela. Entre as súas competencias figuran as seguintes:

- Conseguir doazóns voluntarias e altruístas de sangue, medula ósea e sangue de cordón umbilical para cubrir as necesidades do sistema sanitario de Galicia.



- Promover a participación activa, no marco da responsabilidade social corporativa, de institucións, organismos e empresas de Galicia, nas políticas de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos.

Como principios de actuación de ADOS destacan os de voluntariedade e altruísmo na doazón de sangue e os seus derivados, órganos e tecidos e de solidariedade e compromiso social das institucións públicas e privadas coa política transfusional e de transplante.

Pola súa banda, AGAMIN, ten entre os seus obxectivos colaborar coa Administración en cantos asuntos sexan de interese para a Asociación e os seus membros e promover accións de fomento da responsabilidade social. Entre as súas funcións figura a de cooperar coa Administración, para o cal se poderán subscribir acordos ou convenios no marco da normativa vixente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

